MENINA
MAR con CAROLINA DESLADES

Quem vive no convento
É que sabe o que vai lá dentro
Deixa a ferida airar, e a cura ao sabor do vento
Liberta essa criança magoada e sem alento
Dá-lhe voz porque é daí que vem o teu talento

Se tu não lhe ensinares, como queres que ela aprenda?
Se não a protegeres, como é que queres que se defenda?
Ela tava tão trancada, precisa d'uma chave de fendas
Põe-te mãos à obra, dá-lhe amor e não te ofendas

Há palavras que vêm a mal e conselhos que vêm por bem
Não podes escolher ouvir apenas o que te convém
Afinal de contas, quem se pica, agulhas tem
Então se 'tou a sangrar tenho de saber d'onde é que vem
Após o meu pai falecer, a nossa casa ficou fria
Ficámos nós as duas, mas sozinha eu me sentia
A minha mãe não tinha condições, é que ela nem sabia
Como curar-se a si, quanto mais à sua cria
Passado um par de anos, entrou um homem cá em casa
Ela encontrou alguém que preenchesse a nossa sala
Quem diria, naquele momento, que viria a maltratá-la?
Com o passar do tempo e a cada garrafa vidrada
Ele virou tudo do avesso, o ar tão espesso, que nem respirava
O primeiro problema era eu
Pois passámos a ser as duas, apesar da casa ser nossa,
nós é que tínhamos de ir p'á rua

Se tu não lhe ensinares, como queres que ela aprenda?
Se não a protegeres, como é que queres que se defenda?
Ela tava tão trancada, precisa d'uma chave de fendas
Põe-te mãos à obra, dá-lhe amor e não te ofendas

Se me perguntares como é que eu 'tou, eu vou te dizer que 'tou bem
Mas se queres saber a verdade, eu ainda não recuperei
Do dia em que o meu pai saiu e deixou a minha mãe
Eu vi-a chorar um rio sem saber nadar, mas hoje sei
Eu sou filha de um filho da branca e da meia laranja
De um casal que era ventoso, mesmo quando o vento abranda
Dos gritos e do desgosto, de uma mulher que o ama
E depois dele sair, não sabia sair da cama

aRi[t]mar

Difundir a música e a poesía, aproximar a cultura e a língua da Galiza e Portugal

Promove: Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela e Asociación aRi[t]mar galiza e portugal
Organizan: Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, Asociación aRi[t]mar galiza e portugal e Concello de Santiago de Compostela
Patrocinan: Xunta de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, Concello de Santiago de Compostela, Instituto Camões-Centro Cultural Português de Vigo
Colaboran: Facultade de Filoloxía (Universidade de Santiago de Compostela), escolas oficiais de idiomas de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra, Centros do Ensino Português pelo Camões na Galiza, Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.

aritmar.gal

Available on the App Store · Google Play

UN MAR QUE SONHA
ANDREA NUNES BRIÓNS

…pero dormir bien podría despertarla.
CLÉMENCE NICOLLE

Hai un mar que soña con mulleres que soñan con baleas.
No seu soño oceánico latexan
ondas que xorden con violencia
desde as simas máis escuras,
que logo emerxen doces e cálidas,
para acariñar en todas as praias,
os pés da muller que soña.

Hai un océano que soña que se transforma
en balea boreal na aurora.
E nalgún punto do universo,
os dous soños: o da muller e o do mar,
atópanse.

Sucede así a noite,
e con ela, a forza das mareas
onde balea e muller naufragan
e crébanse*
(durante un día, tal vez unha semana, quen sabe se un ano)
unha á outra.
Abre os ollos o mar e a muller navega.

Desde a distancia,
os soños míranse nostálxicos
e pensan:
seremos mañá fría, luz escura
ou indicarán camiños as pegadas?

* As crebas (en galego) son os restos dos naufraxios ou de cargas de buques que o mar arrastra até a beira da praia. Andar ás crebas, é cando se recollen eses restos. Aquí crebarse reformúlase como verbo derivado do substantivo creba: obxecto dun naufraxio que chega á costa e recollido (andar ás crebas).

Mapa da estría. Chan da Pólvora, 2025.

INDIGESTÃO
ANA GAGO

O meu estômago não pára de inchar. De todas as vezes que me dizes que podia ser melhor pessoa, tanto ar, tantas palavras por digerir.

Serpente autofágica, retraindo-me, para dentro, puxando, guardando tudo. Dilatando as paredes do intestino, infetando a vesícula, ensebando o fígado. até que algum dia há de rebentar.

Será? O ácido volta a sair-me pela boca por onde antes houvera entrado, mas o ar... o ar não pára de encher, de esticar todo o espaço entre os órgãos, a pele, a gordura.

Já não sei bem há quantos dias. Nem quantos dias mais serão. mas o meu estômago não pára de inchar.

Uma implosão em câmara lenta.

Antropismos. Húmus, 2025.

aRi[t]mar
galiza e portugal

Gala dos PREMIOS da MÚSICA e da POESÍA GALEGO-PORTUGUESAS



UXÍA
MAR
ANDREA NUNES BRIÓNS
ANA GAGO
XICO DE CARINHO

Presentan:
MARIÑA LEMA E JAKSON RENNER

22 NOVEMBRO
18.30
Auditorio de Galiza
Santiago de Compostela
Entrada libre e gratuíta até completar capacidade da sala

aRi[t]mar
galiza e portugal

aRi[t]mar galiza e portugal é unha iniciativa da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, pertencente á Xunta de Galicia, e da Asociación aRi[t]mar galiza e portugal, que celebra este ano a súa undécima edición. Ten por obxectivo dar a coñecer e difundir a poesía e a música editada na Galiza e en Portugal, así como achegar a cultura e a lingua comúns dos dous países, no cadro das accións de desenvolvemento da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía .

O certame consta de catro categorías: mellor tema musical galego, mellor tema musical portugués, mellor poema galego e mellor poema portugués. A escolla é feita polo público xeral, galego e portugués, entre 10 poemas e cancións finalistas seleccionadas polo xurado do certame. Dito xurado escolle tamén, entre as propostas achegadas polos seus membros, a persoa, iniciativa ou institución que, pola súa traxectoria, sexa merecente do premio especial á embaixada da amizade galego-lusófona

PALMARÉS DE MÚSICAS E POESÍAS PUBLICADAS EN 2025

MÚSICAS GAÑADORAS

Galiza: SERÁ POR FLORES, UXÍA
Portugal: MENINA, MAR con CAROLINA DESLANDES

As SEGUNDAS máis votadas:
TODOS CONTRA MIN, ULEX (GZ)
BRINDE, CAROLINA DESLANDES. (PT)

As TERCEIRAS máis votadas:
PERDÍN A MEMORIA, MJ PÉREZ (GZ)
RESPIRAR, CALEMA con SAREA CORREIA (PT)

POESÍAS GAÑADORAS

Galiza: UN MAR QUE SOÑA, NUNES BRIÓNS
Portugal: INDIGESTÃO , ANA GAGO

As segundas máis votadas:
V, ELISABETH OLIVEIRA (GZ)
TROCAR DE ÁGUA, DANIE JONAS (PT)

As terceiras máis votadas:
A INCOMUNICACIÓN, ANDREA F. MANEIRO (GZ)
MÚSICA DE NINAR NO BURACO, PEDRO PEREIRA LOPES (PT)

PREMIO ESPECIAL DO XURADO Á EMBAIXADA DA AMIZADE GALEGO-LUSÓFONA
XICO DE CARINHO



UXÍA

Uxía é unha das voces máis recoñecibles e indelebles da música galega contemporánea. Natural de Santa María de Sanguiñeda, no pontevedrés concello de Mos, a súa carreira abarca xa catro décadas como intérpete e compositora. En Uxía conviviron, conviven e han convivir sempre a música galega de raíz, a canción de autor e, sobre todo, unha sensibilidade aberta ás músicas do mundo e, especialmente, ás manifestacións culturais e artísticas da lusofonía. En virtude deste caracter aberto e integrador, destaca tamén no ámbito da colaboración e do impulso de iniciativas culturais de diversa índole.



MAR

MAR é unha das voces emerxentes máis especiais da nova música portuguesa. Nacida en Monte Gordo, no Algarve, a súa proposta móvese entre o pop, o hip-hop e a música electrónica, sempre envoltos en certa tendencia á experimentación e á exploración sonora. Cantante, compositora e produtora, MAR desenvolve un proxecto en que a música convive cunha forte dimensión estética e visual. MENINA, editada en colaboración coa estrela lusa Carolina Deslandes, é un dos singles do seu primeiro disco de longa duración.



ANDREA NUNES BRIÓNS

Para alén de poeta e ensaísta, Andrea Nunes Brións é activista no eido do feminismo. Ten desenvolvido na súa obra unha fonda reflexión sobre a identidade, o corpo e o xénero, e participado en máis de 20 obras colectivas para alén das que asina a título individual. Natural de Marín, ten sido galardonada con varios premios nos eidos da poesía e o ensaio, tales como o Premio Follas Novas. "Mapa da estría" é o seu quinto traballo poético en solitario.



ANA GAGO

Ana Gago é investigadora, interesándose polos cruzamentos entre Arte e Patrimonio, curadoría e programación cultural. Autora de poesía e arte dixital, é doutorada en Estudos de Patrimonio, e, actualmente, Xestora de Proxecto na Universidade de Coimbra.



XICO DE CARINHO

Francisco Peña Villar, coñecido artisticamente como Xico de Carinho (Cariño, 1940), é músico, harmonicista, etnomusicólogo, pedagogo e dinamizador cultural, cunha longa traxectoria dedicada á música e ao fortalecemento dos vínculos culturais entre a Galiza e Portugal. A súa amizade con José Afonso, o Zeca, iniciada en París nos anos setenta, marcou profundamente o seu percurso. Impulsou actuacións e homenaxes ao cantor portugués, entre elas a histórica homenaxe de Castrelos, en Vigo, en 1985. Membro da Associação José Afonso desde a súa fundación en 1987, contribuíu decisivamente á creación da súa delegación galega e á promoción de intercambios culturais galego-portugueses. A súa actividade musical, desenvolvida en formacións como Na Virada e o Colectivo Zeca Afonso, constitúe tamén unha expresión do seu compromiso coa cultura e a amizade entre os dous pobos.

SERÁ POR FLORES
UXÍA

Coas miñas cancións
Acendo velas
que sempre me guían
como unha estrela.

Revélome no tempo
Pétala a pétala
é libre a miña alma
coa música nas veas.

Será por flores, será por días,
por todo o que arde nas melodías.
Será por vidas, será por mares,
por todo o que levo nos meus cantares.

Son o eco
dun mundo antigo
o abrazo quente
o que non está perdido.

Espida frente ao mar,
a sementar arrolos
teño a miña casa
nos vosos ollos.

Será por flores, será por días,
por todo o que arde nas melodías.
Será por vidas, será por mares,
por todo o que levo nos meus cantares.

Letra e música: Uxía